



Fonfría – Fonfría (Santa María Madanela) – A Fonsagrada, 1980-05

Informante: Herminio (50)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

VT 1210

“Ai Maruxiña por Dios dame un bico
tanto che quero que xa non me explico.”

“E saca de aí e sei que toleas,
e xa non me vou sin que hoxe mo deas.”

“Ai Maruxiña se ques que te espulgue
pecha de portas e acubreme o lume.”

“Toma dous cuartos e mátoche a gana
anque non quede palluco na cama.”

“Dicen as nenas que rico repolo,
quen che mo dera mangado no cono”

“Dicen as nenas que cousa más mona
quen che mo dera mangado na cona.”

“Ai, miña mai” “Que tes, miña filla?”
“Picoume unha pulga na berberechiña.”

“Dalle de adentro, dalle de a fóra
escápate pulga que aí ven a pirola.”

“Chanfuniqueille a filla a Bartolo
chanfuniqueilla no pico do horro.”

“E saca de aí e sei que toleas
e xa non me vou sin que hoxe mo deas”

(...)

A muiñeira da costa de Meira
de día cose, de noite peneira.

“Ai Maruxiña por Dios dame un bico
tanto che quero que xa non me explico.”

“E saca de aí e sei que toleas,
e xa non me vou sin que hoxe mo deas.”

“Se non mo das do lunes pro martes
alá che me vou cos meus zarafates.”



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudios das
identidades

“Xa podes fuxir, xa podes largar
e nos días da vida volvemos falar.”

“Canto me queres e pálpuche as tetas
e bótuche un polvo por catro pesetas”

“Toma dous cuartos e mátoche a gana
máis que non quede palluco na cama”

“Siempre me jodes e nunca me empreñas
á miña casa non quero que veñas.”

“Porque non queres ou porque non sabes
porque che faltan as habilidades.”

“E se me empreñas e non me jodes
na miña casa non quero más homes.”

“Anda, Maruxa, se ques que te espulgue
pecha de portas e cúbreme o lume.”

“Véndeme os bois e véndeme as vacas
e non me vendas o fole das papas.”

“Véndeme as cuncas e mailo cunqueiro
e non me vendas o teu tabaqueiro.”

“Ai, miña mai” “Que tes, miña filla?”
“Ai, miña mai, que dolor de barriga!”

“Bótalle gas e bótalle aceite
ás doce da noite para que che deite.”

“Ai miña mai” “Que tes, miña filla?”
“Picoume unha pulga na berberechiña.”

“Dalle de adentro e dalle de afóra
escápate pulga que aí ven a pirola.”

“Berberechiña, berberechola,
escápate pulga que aí ven a pirola.”

“Dicen as nenas que rico repolo,
quen che mo dera mangado no cono.”

“Dicen as nenas que cousa más mona
quen che ma dera mangado na cona.”

“E dalle de vira e dalle de taco
todo lle sale do mismo buraco.”



“E dalle de taco e dalle de vira
todo lle sale do caño da orina.”



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

“Chanfuniqueille a filla a Bartolo
chanfuniqueilla no pico do horro.”